

que se regulan as organizacións de produtores da pesca e da acuicultura e as súas asociacións.

O artigo 5 do Real decreto 724/2003, establece que o recoñecemento dunha organización de produtores corresponde aos órganos competentes das CC.AA., cando se trate de organizacións que obteñan o 95% ou máis da súa produción no seu ámbito territorial e, polo menos, o 80% desta sexa obtida por unidades de produción radicadas nesa comunidade autónoma. Amba as dúas premisas son cumpridas por OPAGA.

Por todo o antedito, facendo uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia

DISPOÑO:

Artigo 1º

Recoñecer a Organización de Productores Artesanales de Galicia (Opaga) como organización de produtores, e será o seu ámbito de actuación a Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º

Opaga comprométese a cumprir coas obrigas das organizacións de produtores pesqueiros establecidas na lexislación vixente.

Artigo 3º

O incumprimento de calquera das condicións que permitiron o seu recoñecemento será causa de retirada deste.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2010.

Rosa Quintana Carballo
Conselleira do Mar

INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA

Resolución do 16 de xuño de 2010 pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos polo Instituto Galego de Estatística no primeiro cuadrimestre de 2010.

De acordo co previsto no artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega (DOG nº 136, do 14 de xuño), onde se establece que os organismos autónomos dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia deberán publicar cuadrimestralmente no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos conve-

nios de colaboración asinados no cuadrimestre anterior e, en virtude das facultades que teño concedidas,

RESOLVO:

Único.-Facer pública a relación de convenios subscritos polo Instituto Galego de Estatística nos meses de xaneiro, febreiro, marzo e abril de 2010, que se anexa a esta resolución.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2010.

José Antonio Campo Andión
Director do Instituto Galego de Estatística

ANEXO

Convenio	Data de sinatura	Importe
Convenio de colaboración entre o Instituto Nacional de Estatística, o Instituto Galego de Estatística e a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia para a realización das estatísticas do movemento natural da poboación e defuncións segundo a causa de morte.	8-3-2010	-

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 30 de xuño de 2010 pola que se fai público o acordo do Consello de Dirección do Igape polo que se modifican as bases reguladoras das axudas para a habilitación de tres liñas de financiamento subsidiado para microempresas, proxectos emprendedores e investimentos das pemes para a mellora competitiva (Programa Re-Imaxina).

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do 2 de xuño de 2009, acordou aprobar as bases reguladoras das axudas para a habilitación de tres liñas de financiamento subsidiado para microempresas, proxectos emprendedores e investimentos das pemes para a mellora competitiva na Comunidade Autónoma de Galicia, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Igape, as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas (Programa Re-Imaxina).

As ditas bases fixéronse públicas mediante Resolución do 22 de xullo de 2009 (DOG nº 148, do 30 de xullo), e, segundo o artigo 21, entraron en vigor o día seguinte ao da súa publicación e estableceuse como data de fin de prazo para presentar solicitudes o 30 de decembro de 2009, a cal foi ampliada mediante Resolución do 19 de xaneiro de 2010 ata o 30 de xuño de 2010 por acordo do Consello de Dirección do Igape do 23 de xullo de 2009 (DOG nº 15, do 25 de xaneiro de 2010).

Debido á coxuntura económica xeral, os investimentos que estas bases apoian, víronse reducidos signifi-

cativamente neste período, e polo tanto a demanda dos préstamos que se subvencionan viuse tamén reducida, sen que existan perspectivas de que o crédito orzamentario previsto para estas axudas se esgote coas solicitudes que se presenten no referido prazo.

A pesar destas circunstancias, estas liñas de financiamento considéranse un instrumento de grande importancia para o acceso ao financiamento das microempresas e as pemes galegas, que debe permanecer á súa disposición. En consecuencia, o prazo para presentar solicitudes debe modificarse, permitindo que poidan presentarse solicitudes ata o día 30 de decembro de 2010.

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do 29 de xuño de 2010, acordou a modificación das bases reguladoras das axudas para a habilitación de tres liñas de financiamento subsidiado para microempresas, proxectos emprendedores e investimentos das pemes para a mellora competitiva na Comunidade Autónoma de Galicia, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Igape, as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas (Programa Re-Imaxina).

Por todo o anterior e en virtude das facultades que teño conferidas

RESOLVO:

Primeiro.-Publicar a modificación das bases reguladoras das axudas para a habilitación de tres liñas de financiamento subsidiado para microempresas, proxectos emprendedores e investimentos das pemes para a mellora competitiva na Comunidade Autónoma de Galicia, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Igape, as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas (Programa Re-Imaxina), no seguinte sentido:

Único.-Modificar a redacción do artigo 21, que queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 21º.-Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o día seguinte ao da publicación destas bases reguladoras no *Diario Oficial de Galicia* e finalizará o 30 de decembro de 2010. No caso de esgotamento do crédito o Igape publicará a dita circunstancia no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape, en cumprimento do previsto no artigo 32 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, co fin de pechar anticipadamente o prazo de presentación de solicitudes».

Segundo.-Esta resolución entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2010.

Joaquín Varela de Limia de Cominges
Director xeral do Instituto Galego
de Promoción Económica

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

Orde do 2 de xullo de 2010 pola que se convocan para a elección de destino provisional os/as aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala de arquitectos, convocado pola Orde do 21 de novembro de 2008.

En virtude da orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 21 de novembro de 2008 (DOG nº 234, do 2 de decembro) convocouse o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala de arquitectos.

O tribunal designado para cualificar o dito proceso acordou facer pública e elevar á Dirección Xeral da Función Pública a relación de aspirantes que o superaron na súa Resolución do 24 de maio de 2010 (DOG nº 101, do 31 de maio).

Co obxecto de que os/as aspirantes que superaron o dito proceso selectivo poidan ser nomeados funcionarios do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala de arquitectos, e segundo o disposto na Lei 7/2007, do 12 de abril, no Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia e demais normativa concordantes, esta consellería

DISPÓN:

Convocar aos/ás aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala de arquitectos, ao acto de elección de destino provisional que terá lugar no salón de actos pequeno da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (edificio administrativo San Caetano, s/n, Santiago de Compostela) o día 12 de xullo de 2010 ás 10.30 horas.

Os/as aspirantes convocados poderán elixir entre os postos que se relacionan no anexo desta orde segundo a orde acadada no proceso selectivo, sempre que reúnan as condicións exixidas nel.

Os/as aspirantes deberán ir provistos de DNI ou outro documento que acredite fidedignamente a súa identidade; no caso de non comparecer persoalmente, poderán ser representados por terceiras persoas con poder notarial suficiente.

Aos aspirantes que non comparezan persoalmente ou por medio de representantes seranlles adxudicadas en destino provisional as prazas que lles correspondan atendendo á orde de publicación destas e ao número obtido no proceso selectivo, unha vez concluído o proceso de adxudicación das prazas aos/ás